

## NOTA DE PRENSA

*Recoñecidos líderes empresariais e directivos bancarios compoñen o xurado*

# **O Grupo Cuevas e Artur Yuste, entre as doce empresas españolas seleccionadas que optan ao Premio emprendedor do ano 2016**

Doce empresas españolas, entre as que se encontran Tous xoieiros, Solarpack, o fabricante de láminas Zanini, os produtores de aceite DCOOP, Conservas Calvo ou o grupo de loxística Disfrimur son algúns dos doce finalistas que optan ao Premio emprendedor 2016 de EY, o galardón máis prestixioso e recoñecido no ámbito internacional para recoñecer o labor de empresarios e empresas. Entre eles está nomeado tamén o ourensán Grupo Cuevas. Todos os seleccionados chegan á final nacional logo de superar unha fase previa realizada por zonas xeográficas, encadrándose a compañía ourensá na representación da zona centro (Galicia, Castela e León, Asturias, Madrid e Castela A-Mancha), cuxo resultado foi dado a coñecer o pasado 28 de novembro no transcurso dun acto celebrado en Madrid.

O premio está organizado por EY, co patrocinio de BNP Paribas e a colaboración de IESE Business School, e recoñece, entre outros méritos, a excelencia na innovación, o rendemento financeiro, os riscos e o compromiso persoal e profesional cos seus negocios e os seus territorios. O xurado, que comeza hoxe as súas deliberacións e que revisa unha exhaustiva documentación sobre cada un dos nomeados antes de tomar a decisión final, está formado por destacadas personalidades do mundo económico, entre eles Antonio Catalán, presidente de AC Hoteles; Petra Mateos-Aparicio, conselleira de Técnicas Reunidas; Fernando Abril-Martorell, presidente de Indra; Javier Echenique, vicepresidente do Banco Sabadell; Antoni Esteve, director de Laboratorios Esteve; a ex-ministra Cristina Garmendia, presidenta de Cotec; Mar Raventós, presidenta de Codorníu; Tomás Pascual, presidente do grupo Pascual ou Ana María Llopis,

presidenta non executiva do grupo Día; ademais dos presidentes de Renta 4 ou de Ebro Foods, entre outros.

O xurado dará a coñecer o próximo mes de marzo en Madrid o gañador da edición española, ademais de conceder os premios ao emprendedor social, á internacionalización, á traxectoria, ao emprendedor emerxente e á innovación. O gañador competirá posteriormente na edición internacional do Premio emprendedor do ano, no que participan 60 representantes de todo o mundo, incluído o español.

Durante a súa intervención ante o xurado, o director xeral de Cuevas, Artur Yuste, agradeceu o recoñecemento e manifestou que Cuevas “nunca abandonou a vocación de innovar e emocionar”. Nun breve repaso dos 150 anos de historia do grupo, que se cumpren neste 2017, destacou os principais fitos relacionados coa investigación e a aposta constante pola castaña, o *marrón glacé*, a busca de novos aproveitamentos, a presenza en 30 países dos cinco continentes, os supermercados sensoriais, a alimentación sa e a apertura de tendas que contribúan a revitalizar os pequenos núcleos rurais. Avanzou que 2017 podería situar a compañía en niveis históricos de emprego e de facturación, e afirmou que “a innovación axudounos a ser mellores, pero sobre todo a ser útiles”.

Yuste i Tarragó pechou a súa exposición ante os membros do xurado resaltando que Cuevas posúe uns niveis de fidelización moi superiores á media do sector e que é o grupo de alimentación de máis rápido crecemento en Galicia. Sinalou que “emprender nunca é unha tarefa rematada” e mostrouse convencido de que hai que intentar facer as cousas ben “porque poden saír ben”.

Respecto ao 150 aniversario sostivo que “Cuevas foi sempre e seguirá sendo un empeño colectivo”. “Cumprimos 150 anos e non nos deteremos, seguiremos á busca de modos de facerlles a vida un pouco máis agradable ás persoas, ao noso contorno, a quen confía en nós”.